

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN
(Expediente 656/406)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo mediante acordo do 02.06.2022, conforme á Oferta excepcional de Emprego Público de data 01.04.2022 e conforme ao previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, convocou proceso de selección (concurso de méritos) para prover unha praza de enxeñeiro industrial na Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), pertencente á escala de administración especial, subescala técnica superior. As Bases Específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) de data 22.06.2022; o seu extracto no BOE de 18.07.2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Vigo a relación provisional de aspirantes con maior puntuación e proposta de nomeamento. Consta no Expediente Certificación do Tribunal facendo constar que no prazo de dez días os interesados non presentaron alegacións polo que a proposta provisional enténdese definitiva; consta que o interesado presentou ante os Servizos Centrais da XMU a documentación sinalada na Base Oitava da convocatoria.

Corresponde á Vicepresidencia da XMU, por delegación da Presidencia, a competencia para nomear ao persoal funcionario de carreira; a tal efecto, resolvo,

PRIMEIRO. Nomear funcionario de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencente á escala de administración especial, subescala técnica superior (enxeñeiro industrial) a **D. JOSÉ COLLAZO MARTÍNEZ ***9198**.**

SEGUNDO. Conforme ao disposto no artigo 62.1 c) do R.D. Lex. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o T.R. da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para adquirir a condición de funcionario de carreira as persoas nomeadas prestarán acatamento da Constitución e tomarán posesión do seu destino no prazo de tres días a partires do seguinte á data de publicación desta Resolución no BOP.

TERCEIRO. Notificar a presente Resolución ao interesado e proceder a súa publicación no BOP e Sede Electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO. A presente Resolución poñe fin á vía administrativa, contra a mesma poderá interpoñerse ante a Presidencia da XMU recurso potestativo de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes a partires do día seguinte á data da publicación desta Resolución no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados da Xurisdición Contencioso-Administrativa da Cidade de Vigo no prazo de dous a partires da mesma data. O interesado poderá exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Se no prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición non recae resolución expresa entenderase desestimado; o recorrente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Cont-Adtva.

A Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo
María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 656_406

Data impresión: 11/01/2023 07:57 Páxina 1 de 1
CSV: 2A8EBF-2BE2A2-EEDAAE-WFKUZ1-5G585P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>